

A GUARDA**EDICTO**

Don Diego Romeu Cruz, solicitou desta Alcaldía licencia de actividade para "Discoteca", sita na rúa de Fernández Alber nº 28 deste Municipio.

En cumprimento do preceptuado no artigo 30.2, apartado a) do Regulamento de Actividades Moestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961 (RAM), en relación co artigo 86 da Lei 30/1992, de Bases de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, abrése un período de información pública por un prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da inserción do anuncio no Boletín Oficial da provincia, para que os que se consideren afectados dalgunha maneira pola actividade que se pretende establecer, poidan facer as observacións pertinentes.

O expediente atópase de manifesto e pode consultarse en horas de oficina de luns a venres, (das 9 as 13 horas), na Secretaría do Concello.

A Guarda, 22 de decembro de 2005.—O Alcalde, José Luis Alonso Riego. 2006000033

* * *

A ILLA DE AROUSA**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o día 5 de maio de 2005, acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior en desenvolvemento da área de repartición nº 13 a, redactado polo arquitecto don Alfredo Rojas Temprado e presentado por Antonio Otero Suárez e Dolores Oubiña Diz.

En cumprimento do disposto no art. 92.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística publícanse a normativa e ordenanzas da Área de Repartición nº 13 a, contidas no Plan Especial de Reforma Interior aprobado en desenvolvemento do referido ámbito.

Seralle de aplicación a Ordenanza 1, de edificación intensiva e concretamente a situación 1.1.— Edificación que da frente ás Rúas Principais que establece as seguintes condicións particulares.

Fondo edificable: 14 metros, segundo se dispón no epígrafe 3.3, apartado 1º, das determinacións comúns da Ordenanza 1, no que atines ás plantas altas. No que se refire ás plantas baixas, o disposto no apartado 2º do dito artigo.

Frente mínimo de edificación: 7 metros.

Los usos admitidos en esta ordenanza son:

Vivienda. Categorías 1º y 2º.

Industrial. Categoría 1ª (situaciones A y B) y categoría 2ª (situaciones B y C).

Comercial. Categorías 1ª, 2ª y 3ª.

Oficinas.

Hotelero. Categorías 1ª y 2ª.

Salas de Reunión.

Sanitario.

Asistencial.

Educativo.

Sociocultural.

Deportivo.

Recreativo.

Espectáculo.

Garaje-aparcamiento. Categorías 1ª, 2ª y 3ª.

O resto de parámetros urbanísticos virán regulados conforme á regulamentación común da Ordenanza 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Illa de Arousa.

En A Illa de Arousa, a 27 de decembro de 2005.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez.

2006000031

A N U N C I O

O Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 5 de maio de 2005, acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior en desenvolvemento da área de repartición nº 20 do PXOM (Punta Furado), promovida por Residencial Illa de Arousa, S.L.

Segundo o PXOU de A Illa de Arousa, este solo califícase de edificación intensiva situación 1.5 regulado no apartado 3.2.1.10 do texto de normativa urbanística e na folla nº 4 da planimetría.

10. Condicións para a situación 1.5. Areas para as que se asinaron Convenios Urbanísticos ou nas que se modifican condicións do planeamento anterior para a obtención de dotacións importantes.

Como condicións específicas nesta situación serán de aplicación as pactadas no correspondente Convenio. No seu defecto aplicaranse as xerais da Ordenanza de Edificación Intensiva e, en especial as explicitadas para a situación 1.1. así como o disposto, no seu caso, para as Áreas de Reparto que estean ubicadas as parcelas afectadas; determinacións que se conteñen na correspondente Ficha da área de que se trate.

En calquer caso, a altura máxima non poderá exceder de 10 m. Nin de tres planta e baixo cuberta (PB+2 PP.AA+BC), e o fondo máximo tampouco excederá de 14 m. Coas condicións establecidas nas determinacións comúns para a Ordenanza 1 no que respecta ás prantas baixas.

A Illa de Arousa, a 27 de decembro de 2005.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. 2006000032

* * *